

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: ICONOGRAFÍA

1º CURSO

OBXECTIVOS XERAIS

- Valorar o papel que tivo a música no desenrolo cultural e artístico da sociedade en cada momento.
- Realizar un achegamento á iconografía musical e a organología como ciencias auxiliares á Musicología e como fontes documentais

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Coñecer o método iconográfico para poder interpretar de modo integral a obra artística a que nos achegemos.
- Coñecer os programas iconográficos musicais en documentos escritos, arquitectura, pintura... para ser usados como recurso na historia da música
- Apreciar os recursos a disposición do musicólogo e as súas formas de utilización.
- Valorar as obras artísticas e demais formas vencelladas ás imaxes musicais dende a antigüidade ata o S.XX.

CONTIDOS CONCEPTUAIS

Introducción ó método iconográfico. A iconografía na historia do arte. Introducción á organología. Fontes para o seu estudio: documentais e instrumentos musicais, clasificación e descripción. Iconografía no mundo antigo: Exipto, Grecia e Roma. No mundo medieval: representacións escultóricas e pictóricas. Sécalos XV-XVI pintura renacentista religiosa. S.XVII-XVIII: Barroco e clasicismo. SXIX-XX

CONTIDOS PROCEDIMENTAIS

Recoñecemento visual dos instrumentos musicais nos distintos soportes plásticos o longo da historia. Uso adecuado do vocabulario artístico para describir imaxes. Valorar o interese que ten a aparición de imaxes de instrumentos e/ou escenas musicais dentro de determinado contexto histórico e a súa significación.



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO
C/. Manuel Olivé, 23 36203 VIGO – Telf. 986/471144 - Fax: 986/481807
Email: cmus.vigo@edu.xunta.es
Web: <http://centros.edu.xunta.es/cmussuperiordevigo>

DEPARTAMENTO DE MUSICOLOXÍA
ESPECIALIDADE .MUSICOLOXIA

MATERIA: ICONOGRAFÍA

CONTIDOS ACTITUDINAIS

Hábito de leer imaxes e aprecialas xa ben como documento ou ben dende o punto de vista estético.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ler imaxes e apreciar tanto o seu contido artístico como o seu valor simbólico.
- Empregar léxico apropiado á hora de describir as imaxes.
- Relacionar as imaxes co seu período histórico e o seu contexto específico.
- Entender o valor que ten, en cada momento, a representación de escenas musicais.

ACTIVIDADES DE AVALIACIÓN

- Participación activa nas actividades propostas na aula.
- Realización de traballos de estudo anlítico dunha obra artística, con referencia ao musical, para demostrar o entendemento dos conceptos expostos na clase.
- Realización dun exame no que se incluírá unha parte teórica e outra práctica de comentario de obras analizadas durante o curso.

RECURSOS MATERIAIS

- Bibliografía sobre iconografía dispoñíbel na biblioteca do centro: dicionarios de instrumentos, manuais sobre iconografía xeral e específica á iconografía musical.